Plan de empresa: fontes de financiamento e viabilidade económico-financieira. - Personalizar no plan de empresa as fontes de financiamento e levar a cabo unha análise económica financieira da empresa		<ul style="list-style-type: none"> Elaboración do plan de investimento do proxecto empresarial. Cálculo do plan de gastos iniciais e durante os tres primeiros anos de actividade. Elección de fontes de financiamento accesibles. Cálculo do resultado estimado para os tres primeiros anos a partir dunha previsión de vendas. Elaboración dos balances para os tres primeiros anos. Obtención de conclusións, mediante un informe, sobre a viabilidade económico financieira do proxecto. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de empresa parcial: ¿ Plan de investimento. ¿ Plan de gastos. ¿ Previsión de vendas. ¿ Fontes de financiamento. ¿ Plan financieiro. ¿ Análise de viabilidade económico-financieira. Informe de viabilidade do proxecto empresarial 	<ul style="list-style-type: none"> Pc con acceso a internet. Páxinas web de interese. Libro de texto e apuntes facilitados pola profesora Modelos de plan de empresa Aula virtual de moodle 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 	4,0
TOTAL						15,0

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión administrativa	15

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar a principal documentación das empresas relacionadas coa compravenda e o pagamento, e formalizar esa documentación.	1	Documentación empresarial	8,0
2.1 Identificar os tributos que gravan a actividade empresarial e o calendario fiscal.	2	Obrigas fiscais	7,0
TOTAL			15

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumos anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados, e diferenciáronse os tipos de impostos no	• PE.1	S	50
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d	• PE.2	S	50
TOTAL			100

4.6.e) Contidos

Contidos
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa relacionada cos procesos de sistemas electrotécnicos e automatizados: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentación empresarial	<ul style="list-style-type: none"> O profesor, interactuando co alumnado, explicará o proceso administrativo na empresa. O profesor entregará un esquema dos documentos de compravenda e de pago no que se incluíra o concepto e principais características de cada un deles. 	<ul style="list-style-type: none"> O alumnado respostará a un cuestionario que inclúe preguntas teóricas e casos prácticos que consisten na cumplimentación dos diferentes documentos estudados. 	<ul style="list-style-type: none"> Casos prácticos resoltos sobre documentación empresarial 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e apuntes facilitados pola profesora Pc con acceso a internet. Páxinas web de interese. Aula virtual de moodle 	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 	8,0
Obrigas fiscais - Identificación e análise dos principais tributos que gravan a actividade empresarial así coma o calendario fiscal aplicable	<ul style="list-style-type: none"> O profesor entregará un esquema cos diferentes impostos que gravan a actividade empresarial, indicando para cada un deles o suxeito pasivo, o feito imponible, a base imponible e o tipo de gravame, así coma outros elementos de interese. 	<ul style="list-style-type: none"> Os alumnos respostan a un cuestionario tipo test sobre ás obrigas fiscais da empresa. Busca en internet. Os alumnos coa información facilitada pola páxina web da axencia tributaria, confeccionará o calendario fiscal dunha empresa de electricidade, en función da forma xurídica que elixirá a profesora. Posteriormente entregarán o calendario fiscal confeccionado á profesora súa valoración. 	<ul style="list-style-type: none"> Identificación das principais obrigas fiscais da empresa e dos principais elementos tributarios de cada imposto. calendario fiscal dunha empresa de electricidade 	<ul style="list-style-type: none"> Libro de texto e apuntes facilitados pola profesora Pc con acceso a internet. Páxinas web de interese. Textos legais Aula virtual de moodle 	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 	7,0
TOTAL						15,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Para a avaliación do módulo valoraranse parámetros como a atención e a participación na clase ou en debates online que se prantexen, a realización das actividades propostas e a resolución dos cuestionarios e supostos prácticos plantexados polo profesor, e a realización e entrega en prazo do plan de empresa.

A avaliación completárase cunha proba escrita, ao final de cada trimestre, como mínimo, que constará de casos prácticos sinxelos e preguntas curtas, formuladas de xeito que permitan comprobar o grado de comprensión do alumnado respecto das ensinanzas impartidas.

A nota final virá determinada, nun 50%, polo traballo diario, a participación na clase, e en foros, as actividades, cuestionarios e casos prácticos resoltos, e a valoración do plan de empresa; e nun 50% pola puntuación obtida na proba escrita realizada en cada trimestre.

Se na realización dunha proba escrita o alumno desenvolve conductas pouco éticas (copiar..), entregará o escrito á profesora e o exame soamente se calificará co contestado ata o momento da detección da infracción e sempre que o contido xa escrito non coincida coa proba da infracción detectada.

En cada proba escrita acadarase unha nota mínima de 4 para superar materia. Do contrario, esas unidades didácticas acumularanse ás seguintes para a próxima proba escrita.

Deberá acadarse unha nota mínima de 4 para poder facer media entre a nota da proba escrita e a nota do plan de empresa; en todo caso, requírese obter unha puntuación de 5 tanto nas probas escritas como no plan de empresa para superar o módulo. Para aqueles alumnos que non acaden a nota mínima, farase un exame de recuperación en cada trimestre e/ou darase un novo prazo para a revisión e mellora da parte correspondente do plan de empresa.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para os/as alumnos/as que non acaden os mínimos sinalados na presente programación, farase un exame final, que constará de preguntas teóricas e casos prácticos relativos ao contidos impartidos en todas as unidades didácticas, debendo cada alumno/a responder unicamente ás que corresponden as partes non superadas, e/ou darase un novo prazo para a revisión e mellora do plan de empresa.

Para os alumnos que non accedan á FCT e non teñan superado o módulo, desenvolveranse sesións de recuperación, nas que se realizarán actividades teóricas e prácticas, e se resolverán as dúbidas dos/as alumnos/as. Durante o período de recuperación realizarase unha ou varias probas escritas, sempre que as actividades programadas e realizadas polos/as alumnos/as non fosen suficientes para comprobar que se alcanzaron os resultados de aprendizaxe especificados na programación deste módulo.

O alumno/a que suspenda o plan de empresa elaborará durante este período un novo de xeito individual.

Para a realización destas actividades de recuperación, os alumnos asistirán ao centro dúas sesións semanais no terceiro trimestre do curso, para a corrección das actividades programadas, a resolución de dúbidas e a realización das probas previstas.

As actividades de recuperación programadas son as seguintes:

- Realización e explicación dun esquema dos contidos básicos de cada unidade de traballo
- Resposta a cuestionarios relativos aos contidos fundamentais de cada unidade
- Resolución de casos prácticos sinxelos.
- Elaboración do plan de empresa.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para os alumnos que perdan o dereito de avaliación continua levarase a cabo unha proba escrita sobre os contidos teóricos e outra proba escrita sobre contidos prácticos. É preciso superar as dúas probas. Igualmente, esixiráselle a presentación, en prazo, do plan de empresa, co contido e estrutura similar ao que tiveron

que presentar os seus compañeiros ao longo do curso pero realizado de xeito individual.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Dado que no proceso de ensino-aprendizaxe é preciso levar a cabo un control periódico, para verificar que os obxetivos prantexados inicialmente se van cumprindo tal e como se deseñaron, e, de non ser así, analizar as causas do incumprimento e adoptar as medidas precisas, resulta lóxico que o documento base deste proceso resulte avaliado.

Para eso o Departamento reunirse, tal e como a normativa esixe, cunha periodicidade mínima mensual para ir analizando en que medida se cumpren os obxetivos, e tomará as medidas que considere máis axeitadas para que o proceso de ensino-aprendizaxe sexa satisfactorio.

Esta análise será máis profunda despois de cada avaliación e xa con resultados.

Ao remate do curso resumiranse as principais desviacións producidas e as distintas medidas adoptadas na memoria final. Estas conclusións serán básicas para a elaboración da programación do curso seguinte

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase aos/ás alumnos/as unha enquisa-avaliación previa, coa intención de apreciar o nivel de coñecemento que posúen respecto ós contidos que integran o módulo EIE.¿. Esta avaliación permitirá determinar o punto de partida no proceso de ensinanza-aprendizaxe. Ademais desa enquisa, a observación directa permitirá detectar a existencia de alumnado con necesidades educativas especiais.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para o alumnado que o precise, adoptaranse medidas de reforzo que serán consensuadas e coordinadas co departamento de orientación.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

- O fomento do espírito emprendedor.
- O traballo en equipo, ao elaborar deste xeito o plan de empresa, a eo realizar tamén en equipo moitas das actividades programadas.
- A importancia do crecemento sostible, da protección do medio ambiente.
- Fomento do hábito lector entre o alumnado colaborando coa biblioteca e potenciando a lectura e análise crítica de textos relacionados co mundo da empresa.
- A igualdade de trato e non discriminación.
- Os dereitos humanos.
- Educación para a paz.
- Educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Visita a unha empresa do sector.
- Charla sobre emprendemento.
- Xornada de primeiros auxilios para complementar o currículo que non puido ser impartido no módulo de FOL.

- Calquer outra que o departamento valore como interesante para mellorar o proceso de ensino aprendizaxe do noso alumnado.

10. Outros apartados

10.1) ENSINO NON PRESENCIAL

No suposto de que por razóns sanitarias as autoridades educativas decidan nalgún momento o ensino non presencial os resultados de aprendizaxe, os contidos e as actividades seguirán sendo as mesmas pero por vía telemática. Por este motivo, desde o comenzo do curso todos os contidos e actividades figurarán na aula virtual do centro e o alumnado será instruído no seu uso.

Os recursos telemáticos que se empregarán serán:

- aula virtual do centro.
- webex e Cam Edu
- arquivos power point, pdf
- enlaces a webs de interese na materia.
- vídeos de interese.
- aplicacións tales coma audacity para facer grabacións das explicacións da materia.
- kahoots
- correo electrónico.
- cuestionarios feitos na aula virtual ou google forms
- outros recursos que xurdan en cada momento e resulten de aplicación práctica no módulo.

A metodoloxía de traballo será a seguinte:

- Explicación do tema con vídeos/ audios, power-point e pdf e tamén usando as videoconferencias coa aplicación webex.
- Realización e corrección dos exercicios relacionados co explicado
- proba final práctica usando un cuestionario o un documento a través da aula virtual.

10.2) CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACION EN ENSINO NON PRESENCIAL

Aplicaranse os mesmos criterios de avaliación previstos na programación para o ensino non presencial pero adaptados a formación online.

Os instrumentos de avaliación que se empregaran serán:

- Proba escrita individualizada para cada alumno a través da aula virtual.
- Resolución de cuestionarios da aula virtual ou de google form
- Participación nos diferentes Kahoots prantexados.
- Participación nas preguntas de debate lanzadas telemáticamente.
- Participación nas videoconferencias e asistencia ás clases a través da aplicación CamEdu

1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32009116	12 de Outubro	Ourense	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
ELE	Electricidade e electrónica	CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	2023/2024	4	70	84

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGEL SOTELO ÁLVAREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

A Programación Didáctica que se presenta a continuación corresponde ó módulo profesional de xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas (MP0602) do ciclo formativo de grado superior de técnico superior en sistemas electrotécnicos e automatizados determinado polo Decreto 138/2011, polo que se establece o currículo do citado ciclo formativo de grao superior.

O módulo profesional de xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas (MP0602) é un módulo de segundo curso con un total de 4 sesións semanais e unha duración total de 70 horas. O presente módulo dá resposta á necesidade de achegar unha oración necesaria para desempeñar as funcións de xestión e supervisión da montaxe e do mantemento, así como a verificación das instalacións eléctricas de baixa tensión no contorno de edificios, tanto na instalación de enlace como no interior de vivendas e locais de pública concorrencia e uso industrial.

No Decreto 138/2011 determinase de maneira específica que a formación do módulo xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas contribúe a acadar os seguintes obxectivos xerais: g), h), i), j), k), l), m), n), ñ) e o). De igual xeito, no Decreto 138/2011 se recolle que a formación do módulo contribúe a alcanzar as seguintes competencias profesionais, persoais e sociais: e), f), j), h), i), j) e k).

A área socio-económica na que se atopa o IES 12 de outubro é a área máis poboada e con maior crecemento na provincia de Ourense, sendo a capital de provincia a terceira cidade en poboación da comunidade galega. Polo que respecta ao contorno produtivo da comarca, caracterízase por un notable desenvolvemento industrial e de turismo termal. Segundo datos do INE, os activos produtivos na provincia de Ourense no ano 2021 son nun 16% procedentes do sector industrial, en comparativa co 12% do total nacional en España. Estes datos confirman a importancia relativa do tecido produtivo na contorna e a necesidade da formación de novos e novas profesionais especializados en sistemas eléctricos e automatizados. Dentro da actual situación socioeconómica a nivel muncial, marcada pola recente pandemia COVID-19 e a guerra na Ucraína, o abastecemento enerxético e a automatización son unha ferramenta imprescindible para dar soporte ás actividades produtivas e comerciais, conseguindo unha mellora da competitividade das empresas situadas no ámbito produtivo ourensán.

O perfil profesional deste título exerce a súa actividade en microempresas e en empresas pequenas e medianas, maioritariamente privadas, por conta propia ou allea, nas áreas de montaxe e mantemento de infraestruturas de telecomunicación en edificios, máquinas eléctricas, sistemas automatizados, instalacións eléctricas de baixa tensión e sistemas domóticos. As ocupacións e postos de traballo máis salientables son os seguintes:

écnico/a en proxectos electrotécnicos.

- Proxectista electrotécnico/a.
- Proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios.
- Proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para locais especiais.
- Proxectista de instalacións de iluminación exterior.
- Proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media tensión e centros de transformación.
- Proxectista en instalacións de antenas e de telefonía para vivendas e edificios.
- Coordinador/ora técnico/a de instalacións electrotécnicas de baixa tensión para os edificios.
- Técnico/a de supervisión, verificación e control de equipamentos e instalacións electrotécnicas e automatizadas.
- Técnico/a supervisor/ora de instalacións de iluminación exterior.
- Capataz de obras en instalacións electrotécnicas.
- Xefe/a de equipo de instalación de baixa tensión para edificios.
- Coordinador técnico de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior.
- Técnico/a en supervisión, verificación e control de equipamentos en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Capataz de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Encargado/a de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.

- Xefe/a de equipo de instalación en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior.
- Xestor/ora do mantemento de instalacións eléctricas de distribución e iluminación exterior.

Actuacións específicas do docente irán encamiñadas a que os titulados/as sexan polivalentes, autónomos e flexibles na organización do traballo. Polo tanto, estes aspectos deberán integrarse nas diferentes actividades que constitúen esta programación didáctica. É importante resaltar que o éxito profesional do alumando que curse este módulo depende en gran medida da súa capacidade de actualización e adaptación ó entorno no que se atopan en cada etapa profesional. Será vital que acaden unha boa competencia de acceso, selección e consulta de documentación técnica. Para acadar este obxectivo incluíranse o uso das tecnoloxías e aparellos dispoñibles no mercado nas diferentes actividades programadas.

En canto ao grupo aula consta de 10 alumnos, sendo a procedencia dos mesmos maioritariamente do primeiro curso do ciclo superior, cursado no propio centro. Partindo das premisas anteriores, elabórase a presente programación para o curso 2023/2024

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)	Resultados de aprendizaxe					
					MP0602_00					
					RA1	RA2	RA3	RA4	RA5	RA6
1	Planificación da montaxe de instalacións electrotécnicas	Primeira unidade de traballo do módulo. Consta de dúas partes: a primeira de introdución aos conceptos xerais de xestión dunha pequena empresa e a segunda refírese a <u>planificación da instalación eléctrica xeral</u> .	16	20			X			
2	Xestión de aprovisionamentos en instalacións electrotécnicas.	Segunda unidade do temario, a partires da planificación do proxecto visto na unidade anterior, tratarase a necesidade de conseguir os materiais necesarios para a execución do <u>proxecto, en tempo e forma</u> .	26	30	X	X				
3	Xestión da montaxe de instalacións electrotécnicas.	Terceira unidade de traballo do módulo na que se abordará a xestión dunha obra en marcha.	13	15				X		
4	Documentación e posta en servizo de instalacións eléctricas.	Cuarta unidade onde se verán os trámites e documentación que debe realizar unha empresa instaladora, antes durante e <u>despois da realización dunha instalación electrotécnica</u> .	13	15					X	
5	Mantemento e xestión de residuos en instalacións electrotécnicas.	Quinta unidade adicada á xestión dos mantementos e residuos e normativa relacionada.	16	20						X
Total:			84							

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Planificación da montaxe de instalacións electrotécnicas	16

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Planifica a montaxe de instalacións eléctricas en edificios e liñas de distribución, para o que analiza plans de montaxe e define as fases de execución.	SI

4.1.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Introducir o módulo e as súas unidades didácticas. 1.2 Introducir a unidade didáctica e as súas actividades. 1.3 Recoñecer a documentación técnica, a normativa e os regulamentos que afectan á montaxe. 1.4 Identificar as fases do proceso de montaxe.	1	Características técnicas dos proxectos eléctricos aplicables á montaxe.	6,0
2.1 Determinar as necesidades de cada fase de montaxe. 2.2 Recoñecer os materiais, as ferramentas e a maquinaria de cada fase da montaxe 2.3 Determinar os recursos humanos de cada fase da montaxe. 2.4 Determinar os medios de protección necesarios.	2	Necesidades dos proxectos.	5,0
3.1 Avaliar os puntos críticos da montaxe. 3.2 Representar o cronograma da montaxe segundo as súas fases. 3.3 Prever as contingencias e propoñer solucións para a súa resolución. 3.4 Elaborar un plan de montaxe.	3	O plan de montaxe.	5,0
TOTAL			16

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.1 Recoñeceuse a documentación técnica, a normativa e os regulamentos que afectan a montaxe.	● PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico.	S	5
CA3.2 Identifícanse as fases do proceso de montaxe.	● LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	5
CA3.3 Determináronse as necesidades de cada fase da montaxe.	● LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA3.4 Recoñecéronse os materiais, as ferramentas e a maquinaria de cada fase da montaxe.	● LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA3.5 Determináronse os recursos humanos de cada fase da montaxe.	<ul style="list-style-type: none"> LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-práctica 	S	5
CA3.6 Avaliáronse os puntos críticos da montaxe.	<ul style="list-style-type: none"> LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	10
CA3.7 Representouse o cronograma da montaxe segundo as súas fases.	<ul style="list-style-type: none"> LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	5
CA3.8 Determináronse os medios de protección necesarios.	<ul style="list-style-type: none"> PE.2 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	S	10
CA3.9 Prevíronse continxencias e propuxéronse solucións para a súa resolución.	<ul style="list-style-type: none"> LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	10
CA3.10 Elaborouse o plan de montaxe.	<ul style="list-style-type: none"> LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	35
TOTAL			100

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Características técnicas dos proxectos eléctricos aplicables á montaxe.</p> <p>Técnicas procedementais para a xestión de proxectos.</p> <p>Proxecto de obra. Desenvolvemento de proxectos eléctricos. Fases e planificación.</p> <p>Características técnicas e normativas para a montaxe de canalizacións. Instrucións técnicas específicas. Instrucións dos fabricantes.</p> <p>Características técnicas e normativa para a montaxe: normas autonómicas e locais.</p> <p>Ferramentas e equipamentos de medida utilizados na montaxe de instalacións eléctricas. Ferramentas específicas para a montaxe de instalacións eléctricas. Ferramentas de obra civil. Equipamento básico de medidas segundo o REBT.</p> <p>Maquinaria utilizada na montaxe de instalacións.</p> <p>Técnicas de planificación aplicadas á montaxe de instalacións. Xestión da montaxe: fases e planificación.</p> <p>Temporalización de procesos de montaxe. Técnicas de planificación da montaxe. Coordinación de procesos.</p>

4.1.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	
Características técnicas dos proxectos eléctricos aplicables á montaxe. - Técnicas procedementais para a xestión de proxectos.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación do módulo e a súa programación. Resolución de dúbidas • Presentación da unidade didáctica. Resolución de dúbidas • Presentación dun ou varios proxectos técnicos de instalacións electrotécnicas e as súas características técnicas. • Presentación das fases de montaxe dunha instalación electrotécnica • Posta a disposición dun cuestionario de coñecementos previos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Cumprimentación dun cuestionario de coñecementos previos. • Elaboración dun breve traballo sobre as fases de montaxe dunha instalación electrotécnica básica. • Elaboración dun dossier grupal sobre as normativas aplicables aos proxectos electrotécnicos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identificación dos coñecementos previos do alumnado sobre a materia. • Dossier grupal sobre a normativa aplicable ás instalacións electrotécnicas. • Traballo de análise sobre as fases dun proxecto dunha instalación electrotécnica básica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes proxectos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	6,0
Necesidades dos proxectos. - Recursos materiais e humanos para un proceso de montaxe.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación da fase de montaxe dun proxecto electrotécnico e as necesidades asociadas. • Presentación de documentación técnica asociada aos materiais, ferramentas e maquinaria de cada fase de montaxe. • Presentación das necesidades e recursos a empregar nos traballos de montaxe. • Presentación dos medios de protección necesarios para as fases de montaxe e normativa aplicable. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración da listaxe de necesidades para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Elaboración da listaxe de materiais, ferramentas e maquinaria para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Elaboración da listaxe de necesidades en recursos humanos dun proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Elaboración da listaxe de medios de protección necesarios para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Listaxe de necesidades para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Listaxe de materiais, ferramentas e maquinaria para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Listaxe de necesidades en recursos humanos dun proxecto dunha instalación electrotécnica básica. • Listaxe de medios de protección necesarios para cada fase de montaxe sobre un proxecto dunha instalación electrotécnica básica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-práctica • PE.2 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	5,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
O plan de montaxe. - O plan de montaxe, puntos críticos, continxencias e posibles solucións.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dos cronogramas de montaxe e a súa utilidade. • Presentación das ferramentas para a detección de puntos críticos nas fases de montaxe. • Presentación de posibles solucións para as diversas continxencias que podan xurdir. • Presentación de ferramentas para elaborar un plan de montaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun plan de montaxe dunha instalación electrotécnica básica. • Elaboración dun cronograma dunha instalación electrotécnica básica. • Avaliación dos puntos críticos na montaxe. • Avaliación das posibles continxencias e solucións para a súa resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de montaxe dunha instalación electrotécnica básica. • Cronograma dunha instalación electrotécnica básica. • Listaxe dos puntos críticos na montaxe. • Listaxe das posibles continxencias e solucións para a súa resolución. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	5,0
TOTAL						16,0

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Xestión de aprovisionamentos en instalacións electrotécnicas.	26

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o aprovisionamento para a montaxe de instalacións eléctricas, para o que analiza os requisitos da instalación e a documentación técnica para a montaxe.	SI
RA2 - Define as características de aceptación de materiais e medios para a montaxe de vivendas, locais e redes de distribución, para o que analiza plans de aprovisionamento, aplicando técnicas de xestión de almacén.	SI

4.2.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer os tipos de almacén de empresas eléctricas. 1.2 Prever as características do almacén de obra.	1	Almacéns: tipoloxía e características.	3,0
2.1 Definir o sistema de codificación para a identificación e rastrexabilidade dos materiais. 2.2 Recoñecer os tipos de listaxes de almacén. 2.3 Aplicar técnicas de xestión e organización de almacéns. 2.4 Empregar técnicas de control de recepción de subministracións (transporte, prazos, pautas, etc.) 2.5 Elaborar follas de entrega de material.	2	Almacéns: Xestión e organización	8,0
3.1 Identificar as partes do proxecto ou da memoria técnica. 3.2 Definir os puntos críticos de aprovisionamento. 3.3 Identificar as fases do plan de montaxe da instalación. 3.4 Recoñecer os equipamentos e os elementos asociados a cada fase da montaxe. 3.5 Establecer as condicións de subministración de cada material ou equipamento. 3.6 Elaborar o plan de aprovisionamento. 3.7 Relacionar os plans de aprovisionamento e de montaxe.	3	Plan de aprovisionamento: Características e funcionalidade.	15,0
TOTAL			26

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Identifícanse as partes do proxecto ou da memoria técnica.	• PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico	S	2
CA1.2 Definíronse os puntos críticos de aprovisionamento.	• LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10

Craterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exigibles	Peso cualificación (%)
CA1.3 Definiuse o sistema de codificación para a identificación e a rastrexabilidade dos materiais.	● LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA1.4 Identifícaronse as fases do plan de montaxe da instalación.	● PE.2 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico	S	2
CA1.5 Recoñecéronse os equipamentos e os elementos asociados a cada fase da montaxe.	● LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10
CA1.6 Establecéronse as condicións de subministración de cada material ou equipamento.	● LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA1.7 Elaborouse o plan de aprovisionamento.	● LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	30
CA1.8 Relacionáronse os plans de aprovisionamento e de montaxe.	● LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.1 Recoñecéronse os tipos de almacén de empresas eléctricas.	● LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.2 Prevíronse as características do almacén de obra.	● LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.3 Recoñecéronse os tipos de listaxes de almacén.	● LC.9 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.4 Aplicáronse técnicas de xestión e organización de almacéns.	● LC.10 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.5 Empregáronse técnicas de control de recepción de subministracións (transporte, prazos, pautas, etc.).	● LC.11 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.6 Elaboráronse follas de entrega de material.	● LC.12 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	2
CA2.7 Identifícaronse posibles continxencias.	● LC.13 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10
CA2.8 Propuxéronse solucións alternativas ante posibles continxencias (demoras e rexeitamentos, etc.).	● LC.14 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	18
TOTAL			100

4.2.e) Contidos

Contidos
Partes do proxecto aplicables á montaxe: memoria descritiva, medicións, orzamento, anexos e características técnicas.
Certificación de obra. Certificacións técnicas. Homologacións de produtos. Normas internacionais.
Aprovisionamento de instalacións eléctricas. Métodos: procesos de aprovisionamento. Técnicas de planificación do aprovisionamento. Xestión do aprovisionamento e do control.
Técnicas de codificación de elementos da instalación. Normas de codificación (UNE, ISO, etc.).
Representación gráfica: diagramas de fluxo. Detección de necesidades no aprovisionamento de equipamentos e elementos.
Aplicación do plan de montaxe á organización do aprovisionamento. Follas de control. Albarás. Planificación do aprovisionamento. Software específico de control e planificación do aprovisionamento.
Tipos de almacéns nas empresas de electricidade: almacéns de empresa, de provisionais e de urxencia.
Técnicas de almacén: criterios de almacenamento e de organización.
Documentación técnica de control de almacén. Xestión de albarás e documentación de entrada.
Coñecementos básicos de contabilidade (descontos na tarifa, etc.). Conceptos básicos de economía aplicados ao almacén.
Técnicas de aprovisionamento e control de existencias.
Almacén de obra: características e situación. Precaucións.

Contidos
Recursos e documentación.

4.2.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Almacéns: tipoloxía e características. - Descrición das diferentes tipoloxías de almacén e as súas características.	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición dos tipos de almacén en empresas eléctricas. • Descrición das características do almacén de obra. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun traballo comparativo dos distintos tipos de almacén en empresas eléctricas e as súas características máis salientables. 	<ul style="list-style-type: none"> • Dossier grupal dos distintos tipos de almacén en empresas eléctricas e as súas características máis salientables. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. 	3,0
Almacéns: Xestión e organización - Descrición das metodoloxías empregadas para a xestión dos almacéns.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dos sistemas de codificación para a identificación e rastrexabilidade dos materiais. • Presentación dos tipos de listaxes de almacén. • Presentación das técnicas de xestión e organización de almacéns. • Presentación das técnicas de control de recepción de subministracións (transporte, prazos, pautas, etc.). • Presentación das follas de entrega de material. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun sistema de codificación para a identificación e rastrexabilidade dos materiais para un suposto práctico. • Elaboración dunha listaxe de almacén para un suposto práctico. • Elaboración dunha folla de control de entrega de material para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sistema de codificación de material para un suposto práctico. • Listaxe de almacén para un suposto práctico • Folla de control de entrega de material para un suposto práctico 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.9 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.10 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.11 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.12 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. 	8,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de aprovisionamento: Características e funcionalidade. - Descrición da importancia dun plan de aprovisionamento dentro da xestión do proxecto.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación das partes do proxecto ou da memoria técnica. • Descrición dos puntos críticos de aprovisionamento. • Presentación das fases do plan de montaxe da instalación. • Presentación dos equipamentos e os elementos asociados a cada fase da montaxe • Presentación das condicións de subministración de cada material ou equipamento. • Presentación dun ou varios plans de aprovisionamento tipo. • Presentación de posibles solucións alternativas ante posibles continxencias (demoras e rexeitamentos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaborar un plan de aprovisionamento sobre un suposto práctico. • Relacionar os plans de aprovisionamento e de montaxe sobre un suposto práctico. • Elaborar un plan de solucións alternativas ante posibles continxencias (demoras e rexeitamentos, etc.). 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de aprovisionamento sobre un suposto práctico. • Plan de continxencias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.13 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.14 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico • PE.2 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico 	15,0
TOTAL						26,0

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión da montaxe de instalacións electrotécnicas.	13

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza os procesos de xestión da montaxe de instalacións eléctricas, analizando plans de montaxe e estudos de seguridade.	SI

4.3.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar todas as partes do plan de montaxe. 1.2 Adecuar o plan de montaxe ás características da instalación. 1.3 Planificar o control de avance de obra.	1	Fase de montaxe	4,0
2.1 Recoñecer as técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas. 2.2 Aplicar técnicas de xestión de materiais e elementos para a montaxe de instalacións. 2.3 Recoñecer os procedementos para a xestión da montaxe. 2.4 Determinar indicadores de control da montaxe. 2.5 Aplicar durante a montaxe a normativa electrotécnica e de seguridade no traballo.	2	Xestión da montaxe.	9,0
TOTAL			13

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA4.1 Identifícanse todas as partes do plan de montaxe.	● PE.1 - - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico-práctico.	S	10
CA4.2 Planifícase o control de avance de obra.	● LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	20
CA4.3 Adequouse o plan de montaxe ás características da instalación.	● LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	15
CA4.4 Recoñecéronse técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas.	● LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	5
CA4.5 Aplicáronse técnicas de xestión de materiais e elementos para a montaxe de instalacións.	● LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	5
CA4.6 Recoñecéronse procedementos para a xestión da montaxe.	● LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	5
CA4.7 Determináronse indicadores de control da montaxe.	● LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	20
CA4.8 Aplicouse durante a montaxe a normativa electrotécnica e de seguridade no traballo.	● LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	20
TOTAL			100

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Contidos dos plans de montaxe: datos xerais, necesidades, calendario de pedidos e recepción de material, calendario de actuación, etc.</p> <p>Contidos dos plans de montaxe.</p> <p>Técnicas de xestión de recursos humanos e materiais. Organización dos recursos humanos. Planificación. Organigramas de empresas do sector eléctrico.</p> <p>Ferramentas informáticas para a xestión de recursos humanos e materiais. Software xeral para a xestión da montaxe e dos recursos humanos e materiais (Word, Access, Excel e Autocad, etc.). Software específico.</p> <p>Procedementos e indicadores de xestión. Criterios de aceptación de instalacións, de materiais e de técnicos. Indicadores dos procesos de montaxe e da instalación (calidade da instalación, adecuación ao REBT, adecuación ao proxecto e cumprimento de prazos)</p> <p>Temporalización de procesos de montaxe.</p> <p>Normativa: REBT, código técnico de edificación e normas internacionais (ISO 9000, ISO 14000 e EFQM, etc.).</p>

4.3.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Fase de montaxe - Seguemento da fase de montaxe nunha instalación electrotécnica.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das partes dun ou varios plans de montaxe tipo. Presentación de técnicas para o control de avance de obra. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun plan de montaxe adecuado ás características da instalación para un suposto práctico. Elaboración dun plan de control de avance da obra para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> Plan de montaxe para un suposto práctico. Plan de control de avance da obra para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo multimedia da aula-taller do módulo. Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. PE.1 - - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	4,0
Xestión da montaxe. - Técnicas e procedementos para a xestión da fase de montaxe.	<ul style="list-style-type: none"> Presentación das técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas. Presentación das técnicas de xestión de materiais e elementos para a montaxe de instalacións. Presentación dos procedementos para a xestión da montaxe. Presentación dos indicadores de control da montaxe. Presentación da normativa electrotécnica e de seguridade no traballo. 	<ul style="list-style-type: none"> Elaboración dun resumo coas técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas sobre un ou varios supostos prácticos. Elaboración dun resumo coas técnicas de xestión de materiais e elementos para a montaxe de instalacións sobre un suposto práctico. Elaboración dun procedemento para a xestión da montaxe sobre un suposto práctico. Elaboración dunha listaxe das normativas aplicables durante a fase de montaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Dossier grupal coas técnicas de xestión de persoal na execución das instalacións eléctricas. Dossier grupal coas técnicas de materiais e elementos para a montaxe das instalacións eléctricas. Procedemento para a xestión da montaxe sobre un suposto práctico. Listaxe das normativas aplicables durante a fase de montaxe. 	<ul style="list-style-type: none"> Equipo multimedia da aula-taller do módulo. Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios. Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. 	9,0



	TOTAL	13,0
--	-------	------

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Documentación e posta en servizo de instalacións eléctricas.	13

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Documenta a posta en servizo das instalacións electrotécnicas, atendendo aos requisitos funcionais e á normativa.	SI

4.4.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Recoñecer as instrucións técnicas do REBT aplicables á instalación. 1.2 Determinar as medicións necesarias para a aceptación da instalación. 1.3 Determináronse os valores mínimos de illamento, rixidez dieléctrica, resistencia de terra e correntes, e fugas aceptables para a aceptación da instalación. 1.4 Propoñer verificacións específicas en locais de pública concorrencia, industriais e con fins especiais. 1.5 Determinar as medidas de seguridade específicas na posta en marcha de instalacións de vivendas e locais.	1	Documentación para a posta en servizo de instalación electrotécnicas.	6,0
2.1 Recoñecer as actuacións básicas que cumpra realizar para a posta en servizo dunha instalación (continuidade, accesibilidade e alturas, etc.). 2.2 Realizar os ensaios dos elementos de protección. 2.3 Realizar as medidas necesarias para a análise da rede de subministración (detección de harmónicos e perturbacións).	2	Posta en servizo de instalacións	7,0
TOTAL			13

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA5.1 Recoñecéronse as instrucións técnicas do REBT aplicables á instalación.	● LC.1 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10
CA5.2 Determináronse as medicións necesarias para a aceptación da instalación.	● LC.2 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10
CA5.3 Determináronse os valores mínimos de illamento, rixidez dieléctrica, resistencia de terra e correntes, e fugas aceptables para a aceptación da instalación.	● LC.3 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	20
CA5.4 Recoñecéronse as actuacións básicas que cumpra realizar para a posta en servizo dunha instalación (continuidade, accesibilidade e alturas, etc.).	● LC.4 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	10
CA5.5 Realizáronse os ensaios dos elementos de protección.	● TO.1 - Emprego do equipamento de medida para a realización dos ensaios.	S	20
CA5.6 Realizáronse as medidas necesarias para a análise da rede de subministración (detección de harmónicos e perturbacións).	● TO.2 - Emprego do equipamento de medida para a realización dos ensaios.	S	20
CA5.7 Propuxéronse verificacións específicas en locais de pública concorrencia, industriais e con fins especiais.	● LC.5 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	5
CA5.8 Determináronse medidas de seguridade específicas na posta en marcha de instalacións de vivendas e locais.	● LC.6 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas.	S	5

TOTAL	100
--------------	------------

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Procedementos de posta en servizo (continuidade, accesibilidade, distancias mínimas, etc.). Métodos de posta en marcha.</p> <p>Aparellos de medición (medidor de illamentos e de terras, sensibilidade dos diferenciais, etc.). Erros nos aparellos de medida.</p> <p>Valores mínimos de aceptación (illamento, resistencia, rixidez, tempo de disparo, etc.). Valores aceptados nas normas estatais e autonómicas.</p> <p>Requisitos de posta en marcha.</p> <p>Ensaio de elementos de protección (sensibilidade, tempo de disparo, coordinación, etc.). Técnicas de medida dos elementos de protección. Criterios de aceptación e rexeitamento.</p> <p>Análise da rede de subministración: harmónicos, perturbacións, nivel de tensión, estabilidade, etc. Técnicas e equipamentos para a medición e a detección de harmónicos e perturbacións en redes eléctricas e de telecomunicacións.</p> <p>Revisión de locais de pública concorrencia: puntos críticos e plan de revisións, etc. Medicións de tomas de terra: valores de aceptación. Iluminación de emerxencia. Xestión do plan de revisións.</p> <p>Medidas de seguridade. Illamentos. Seguridade dos elementos con risco de incendio ou explosión.</p> <p>Normativa.</p>

4.4.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos			
Actividade (título e descrición)				Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Documentación para a posta en servizo de instalación electrotécnicas. - Normativa aplicable e plan de medicións.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación das instrucións técnicas do REBT aplicables ás diversas tipoloxías de instalación. • Presentación das medicións necesarias para a aceptación da instalación. • Presentación dos valores mínimos de illamento, rixidez dieléctrica, resistencia de terra e correntes, e fugas aceptables para a aceptación da instalación. • Presentación das actuacións básicas que cumpra realizar para a posta en servizo dunha instalación (continuidade, accesibilidade e alturas, etc.). • Presentación das verificacións específicas a ter en conta en locais de pública concorrencia, industrias e con fins especiais. • Presentación de medidas de seguridade específicas na posta en marcha de instalacións de vivendas e locais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun plan de ensaios para a aceptación dunha instalación electrotécnica básica para un suposto práctico. • Elaboración dun plan de ensaios para a aceptación dunha instalación electrotécnica nun local de pública concorrencia, industrial ou con fins especiais para un suposto práctico. • Elaboración do plan de seguridade na posta en marcha dunha instalación para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de ensaios para a aceptación dunha instalación electrotécnica básica para un suposto práctico. • Plan de ensaios para a aceptación dunha instalación electrotécnica nun local de pública concorrencia, industrial ou con fins especiais para un suposto práctico. • Plan de seguridade na posta en marcha dunha instalación para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos • Equipamento de medida para a realización dos ensaios. 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.2 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.3 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.4 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.5 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. • LC.6 - - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas. 	6,0
Posta en servizo de instalacións - Ensaio e medidas para a posta en servizo de instalacións					<ul style="list-style-type: none"> • TO.1 - Emprego do equipamento de medida para a realización dos ensaios. • TO.2 - Emprego do equipamento de medida para a realización dos ensaios. 	7,0
TOTAL						13,0

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Mantemento e xestión de residuos en instalacións electrotécnicas.	16

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Planifica o mantemento e a xestión de residuos das instalacións eléctricas en edificios e no contorno de edificios, para o que identifica necesidades e elabora programas de mantemento e xestión de residuos.	SI

4.5.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Identificar as partes e os elementos da instalación susceptibles de mantemento. 1.2 Planificar o aprovisionamento de cada unha das partes. 1.3 Establecer un procedemento de operacións básicas de mantemento preventivo e correctivo. 1.4 Programar o mantemento da instalación tendo en conta as súas características. 1.5 Identificar as instrucións de fábrica dos equipamentos e dos elementos que interveñen na instalación. 1.6 Propoñer axustes dos equipamentos e dos elementos para o seu bo funcionamento. 1.7 Determinar a compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos 1.8 Elaborar programas de mantemento.	1	Plan de mantemento de instalacións electrotécnicas.	12,0
2.1 Recoñecer os tipos de residuos dunha instalación. 2.2 Planificar o programa de xestión de residuos.	2	Xestión de residuos de instalacións electrotécnicas.	4,0
TOTAL			16

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.1 Identifícanse as partes e os elementos da instalación susceptibles de mantemento.	● LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA6.2 Planifícase o aprovisionamento de cada unha das partes.	● LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA6.3 Estableceuse un procedemento de operacións básicas de mantemento preventivo e correctivo.	● LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA6.4 Programouse o mantemento da instalación tendo en conta as súas características.	● LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA6.5 Identifícanse as instrucións de fábrica dos equipamentos e dos elementos que interveñen na instalación.	● LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	10
CA6.6 Propuxéronse axustes dos equipamentos e dos elementos para o seu bo funcionamento.	● LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	5
CA6.7 Determinouse a compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos.	● LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas	S	5

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA6.8 Elaboráronse programas de mantemento.	<ul style="list-style-type: none"> LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	20
CA6.9 Recoñecéronse os tipos de residuos dunha instalación.	<ul style="list-style-type: none"> PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	S	10
CA6.10 Planificouse o programa de xestión de residuos.	<ul style="list-style-type: none"> LC.9 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	S	10
TOTAL			100

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Puntos susceptibles de mantemento nunha instalación eléctrica: Elementos e sistemas susceptibles de mantemento en instalacións en vivendas (illamento de condutores, conexións, mecanismos, tomas de terra e instalación común de telecomunicacións, etc.). Ele</p> <p>Xestión de residuos industriais: normas de aplicación.</p> <p>Plan de xestión de residuos. Partes e elementos do plan de xestión de residuos.</p> <p>Contidos básicos dun plan de mantemento: datos xerais, necesidades, calendario de revisións e recambios, calendario de actuacións, etc. Follas de control.</p> <p>Detección e control de indicadores de procesos de mantemento: criterios de aceptación. Indicadores de procesos, de procedemento e de servizo.</p> <p>Normas de calidade aplicables aos plans de mantemento: normas ISO9000 e EFQM.</p> <p>Técnicas de xestión de recursos humanos e materiais.</p> <p>Ferramentas informáticas para a xestión de recursos humanos e materiais.</p> <p>Procedementos e indicadores de xestión. Procesos de xestión de recursos humanos: indicadores de aceptación.</p> <p>Normativa relacionada.</p> <p>Aprovisionamento de materiais e xestión de existencias.</p> <p>Mantemento preventivo e correctivo: concepto, tarefas e exemplos de aplicación.</p> <p>Mantemento de mecanismos, de instalacións, de condutores e canalizacións, das ICT, das liñas de distribución e individuais, e das proteccións.</p> <p>Técnicas de planificación de mantemento. Xestión do mantemento. Procedementos para a planificación. Indicadores de control do mantemento. Follas de ruta.</p> <p>Instrucións de mantemento de fabricantes.</p> <p>Parámetros de axuste para a mellora do mantemento: criterios e valores de aceptación.</p> <p>Recepción de materiais.</p> <p>Uso de catálogos dos fabricantes para a determinación da compatibilidade. Instrucións dos fabricantes. Ferramentas informáticas para a organización do mantemento e o control das avarías.</p>

4.5.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Plan de mantemento de instalacións electrotécnicas. - Tipos de mantemento, procedementos e aprovisionamento.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación das partes e os elementos da instalación susceptibles de mantemento. • Presentación dos procesos para o aprovisionamento de cada unha das partes. • Presentación dos procedementos de operacións básicas de mantemento preventivo e correctivo. • Presentación dos tipos de mantemento da instalación tendo en conta as súas características. • Presentación de exemplos de instrucións de fábrica dos equipamentos e dos elementos que interveñen na instalación. • Presentación dos problemas de compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos. • Presentación dun ou varios programas de mantemento tipo. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun plan de mantemento para un suposto práctico. • Elaboración dun plan de aprovisionamento para o mantemento dun suposto práctico. • Elaboración dunha proposta para os axustes dos equipamentos e dos elementos para un suposto práctico. • Elaboración dun traballo de análise da compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de mantemento para un suposto práctico. • Plan de aprovisionamento para o mantemento dun suposto práctico. • Documento explicativo cos axustes dos equipamentos e dos elementos para un suposto práctico. • Análise da compatibilidade dos equipamentos ou dos elementos para un suposto práctico. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.1 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.2 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.3 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.4 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.5 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.6 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.7 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • LC.8 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas 	12,0
Xestión de residuos de instalacións electrotécnicas. - Tipos de residuos e planb de xestión dos mesmos.	<ul style="list-style-type: none"> • Presentación dos tipos de residuos para diversas tipoloxías de instalacións electrotécnicas. • Presentación dos programas de xestión de residuos para diversas tipoloxías de xestión de residuos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun plan de xestión de residuos para un suposto práctico. • Elaboración dun dossier con exemplos de tipos de residuos en instalacións electrotécnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Plan de xestión de residuos para un suposto práctico. • Dossier con exemplos de tipos de residuos en instalacións electrotécnicas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Equipo multimedia da aula-taller do módulo. • Equipos informáticos con ferramentas software para presentación de resultados. • Libro de referencia do módulo, presentación en pdf realizada polo profesor e apuntamentos complementarios • Documentación técnica e comercial asociada ós diferentes equipos 	<ul style="list-style-type: none"> • LC.9 - Realización de boletín con actividades teórico-prácticas • PE.1 - Proba escrita con cuestións e exercicios de tipo teórico práctico. 	4,0
TOTAL						16,0

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Co fin de garantir o dereito do alumnado a que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade, no desenvolvemento das unidades didácticas desta programación recolléronse os criterios de avaliación que serán avaliados para evidenciar a adquisición das capacidades establecidas no currículo. Unha das primeiras actividades de cada unidade será a exposición ao alumnado das mesmas en cumprimento do artigo 48.4 do Decreto 114/2010.

A cualificación calcularase tendo en conta a nota resultante da aplicación dos distintos instrumentos de avaliación segundo a ponderación establecida para cada criterio de avaliación (CA), tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos aqueles CA considerados como mínimos esixibles para poder obter unha cualificación positiva. Os CA considerados mínimos esixibles, atópanse reflexados na táboa 4 correspondente a cada unidade didáctica. Para a superación de cada CA será necesario obter unha cualificación de 5 ou superior aplicando o instrumento de avaliación correspondente.

En cada unidade didáctica obterase unha nota numérica de 1 a 10, empregando dous decimais, resultado da ponderación segundo o peso indicado na táboa a cada instrumento. No caso de que non se superen os CA considerados como mínimos, a nota máxima da unidade didáctica será de 4 puntos, sendo preciso recuperar as partes non superadas segundo o procedemento que se detalla no apartado 6.

Para o establecemento das cualificacións das diferentes avaliacións terase en conta a avaliación continua detallada en cada unha das unidades didácticas. Será necesario acadar tódolos mínimos das unidades didácticas de cada avaliación para poder superar a dita avaliación. A cualificación da avaliación obterase como resultado do promedio ponderado das cualificacións de cada unidade didáctica. Seguindo as directrices establecidas no artigo 26 da ORDE do 12 de xullo de 2011, pola que se regula a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, a cualificación final será numérica entre 1 e 10, sen decimais. No redondeo das cualificacións aplicarase a seguinte norma: se o primeiro decimal é inferior a 5, a nota redondéase á baixa, en caso contrario o redondeo aplicado será á alza. No caso de non acadar os mínimos nalgunha delas, a cualificación máxima non poderá superar os 4 puntos. O procedemento de recuperación das partes non superadas detallase no apartado 6.

As probas escritas planificadas nesta programación son obrigatorias para todo o alumnado e poderán incluír preguntas tipo tema, curtas, de opción múltiple, de resposta dicotómica e/ou resolución de exercicio de cálculo. Valorarase o contido dos traballos, cando proceda, atendendo aos seguintes criterios: a variedade das fontes, a capacidade de análise e síntese e o rigor científico. Asemade, no caso das traballos e tarefas en equipo valorarase, ademais do resultado dos mesmos, a implicación de cada unha das persoas que forman parte do grupo, a capacidade para organizarse e resolver os conflitos que puidesen xurdir, o uso correcto dos equipos e o respecto polas normas de seguridade e hixiene. Consonte a isto a cualificación obtida nos traballos en grupo será en principio a mesma para todas as persoas do grupo de traballo. As excepcións a esta norma serán as derivadas da posible actitude negativa e carente de compromiso coas tarefas encomendadas polo grupo.

Os requisitos mínimos dos traballos, en canto a presentación e contidos, serán especificados ao alumnado no momento da presentación da tarefa quedando sempre reflexados na descrición da mesma na aula virtual. A realización dos traballos é obrigatoria, agás aqueles que se propoñan con carácter voluntario, se for o caso. Iranse propoñendo ao longo de cada unidade didáctica para a súa entrega segundo as datas fixadas. A entrega dos mesmos fóra da data fixada implicará que non se lle valora nin cualifica para a correspondente avaliación, mais si se terá por presentado e cumprido o requisito. As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán negociadas co alumnado pero unha vez fixadas serán inamovibles.

No caso de detectarse actuacións de tipo fraudulento (uso de dispositivos electrónicos, plaxio, copia, etc.) ou actuacións que incumpran as normas de prevención de riscos e seguridade, para as persoas ou para as instalacións, o profesor non cualificará a actividade ou tarefa, obtendo como nota un 1, implicando neste caso a necesidade de volver a presentarse á proba ou volver a realizar a actividade/tarefa ou outra similar.

Todas as probas de avaliación, unha vez corrixidas e revisadas polo alumno/a, será custodiadas polo profesor ata rematado o prazo de reclamacións da avaliación final do módulo. Especificarase o prazo de devolución de traballos e se unha vez superado dito prazo o/a alumno/a non o recolle o profesor entenderá que renuncia a eles.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Neste apartado faise referencia a dúas situacións posibles:

1. Alumnado que non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais de cada UD: Este alumnado realizará as actividades de recuperación que estableza o profesor de forma individualizada, atendendo ás dificultades do alumno ou alumna e coa finalidade de acadar os mínimos esixibles para superar o módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na realización de actividades e traballos semellantes aos propostos durante cada actividade e/ou a realización dunha proba de avaliación escrita relacionada cos criterios de avaliación non superados. O período de realización das actividades de recuperación comezará unha vez rematada a actividade correspondente e durante o trimestre inmediatamente seguinte, e finalizará no prazo que acorden o profesor e o alumnado afectado. En calquera caso, estas actividades de recuperación serán feitas fóra do horario lectivo do alumnado.

2. Alumnado que non supera o módulo na terceira avaliación: Nos supostos de que as medidas de reforzo tomadas ao longo do curso fosen insuficientes e algún alumno ou alumna non superase o módulo, terá que presentarse á proba extraordinaria do módulo no mes de xuño, coa parte ou partes non superadas (recollido no informe de avaliación individualizado entregado despois da terceira avaliación).

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será a porcentaxe que acorde o Consello Escolar respecto da súa duración total. Dado que o número de horas do módulo é de 70 horas, o número máximo de faltas de asistencia (non xustificadas será dun 10% segundo os criterios establecidos no regulamento do centro e dun 20% para o total de faltas, xustificadas e sen xustificar) resultando en 9 e 17 sesións respectivamente.

Para o alumnado que perdesse o dereito á avaliación continua por razóns de falta de asistencia reiterada, non será posible empregar os instrumentos de avaliación previstos inicialmente, neste caso terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final.

A proba de avaliación extraordinaria consistirá en dúas probas diferencias a realizar en diferentes días:

- Resolución de cuestións teóricas, problemas e exercicios sobre os contidos globais do módulo que se avaliará cunha proba escrita e terá un peso do 50%.

- Probas prácticas consistente na elaboración dunha ou varias tarefas desenvolvidas ao longo do curso sobre as tipoloxías de instalacións que forman parte dos contidos globais do módulo que se avaliará coa aplicación de listas de cotexo cun peso do 50%.

A nota final calcularase facendo a media ponderada entre as distintas partes, sendo preciso obter un mínimo de 5 puntos en cada unha delas. É preciso ter superada a parte teórica para poder realizar as probas prácticas.

As probas teóricas e prácticas serán realizadas nas datas indicadas pola dirección do centro. As datas e horas de revisión destas probas serán comunicadas polo profesor do módulo ao alumnado a través das canles habituais de comunicación (publicación na aula virtual).

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Segundo o establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010 do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da formación profesional do sistema educativo de Galicia, o equipo docente realizará un seguimento da programación de cada módulo, onde se incluírá o grado de cumprimento, e en caso de haber desviacións, xustificaranse de maneira razoada. A periodicidade da reunións de seguimento será establecida polo departamento do centro.

O seguimento da programación didáctica permitirá verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado e, en función diso, realizar as melloras pertinentes ao longo do curso e propostas de mellora recollidas na memoria final de cara a vindeiros cursos. O seguimento da programación será realizado a través da plataforma habilitada para este fin, así mesmo se irá recollendo diariamente datos no caderno de aula sobre o desenvolvemento das sesións.

A avaliación da propia práctica docente require dunha actitude crítica e de mellora continua en todas as tarefas e funcións. Para este fin establécense as seguintes accións:

- Intercambio de puntos de vista e análise dos resultados académicos obtidos co equipo docente do ciclo formativo.
- Intercambios orais co alumnado e enquisas de avaliación ao finalizar cada unidade e o módulo.
- Análise dos resultados obtidos nas enquisas de satisfacción docente e calquera outro procedemento de calidade establecido no regulamento do centro.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, segundo o establecido no artigo 28:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Como profesor responsable do módulo adicarei os primeiros días de clase á observación e rexistro das circunstancias que poidan resultar rechamantes co obxecto de poder detectar calquera dificultade que poida ter o alumnado e que sexa susceptible de ser abordada na sesión de avaliación inicial.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Ao longo do curso, irase comprobando que, tanto as medidas de atención á diversidade como a programación en xeral, vaia respondendo, de maneira axeitada á diversidade do alumnado, xa que, de non ser así, teranse que realizar as variacións que fosen necesarias para unha adecuada atención. En calquera caso, as medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso. Realizarase o seguimento do alumnado que presente dificultades nas horas de titorías e/ou no momento e da forma que estime máis conveniente. Terase especialmente en conta, posibles informes e recomendacións do Departamento de Información e Orientación respecto ao alumnado con necesidades especiais.

Como medidas de reforzo educativo como garante dunha programación para todas as persoas:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir, estando abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido e variando o grao de dificultade e a temporalización proposta.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e de axuda mutua, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos de alumnado.
- Material complementario de lectura, apuntes, exercicios resoltos, etc. Así como páxinas web con animacións, vídeos, etc.
- Tamén se realizarán actividades complementarias con maior grao de dificultade e de complexidade na resolución de problemas para aquel alumnado que o precise.
- Adaptar os espazos e o mobiliario e valorar a necesidade de produtos de apoio, de ser precisas.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo como un dos seus elementos máis salientables. Esta incorporación das competencias básicas ao currículo é unha primeira aposta por achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais. Unha das competencias introducidas é a competencia social e cidadán, básica para a comprensión da realidade na que se vive empregando o xuízo ético baseado nos propios valores e nas prácticas democráticas que deben presidir as nosas relacións. Enténdese que desde esta competencia o alumnado poderá afrontar dun xeito máis axeitado a convivencia coas demais persoas e o enfrontamento dos conflitos que poidan xurdir nas relacións.

A metodoloxía docente aplicada neste módulo terá como sinal de identidade, non só os contidos prácticos e técnicos do mesmo, senón promover un ambiente educativo onde o alumando poida adquirir as capacidades que lle permitan comprender tanto o sector produtivo como a realidade social da contorna. Do mesmo xeito, será sinal de identidade fomentar na aula os seguintes valores:

- A igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres tanto no acceso á educación como en calquera das ocupacións profesionais que poidan desenvolver no futuro nun sector, que a día de hoxe, se atopa claramente masculinizado.
- A concienciación sobre prevención de riscos laborais dada a importancia que teñen as normas de hixiene e seguridade no traballo, así como as precaucións necesarias no manexo de determinadas ferramentas, máquinas e sistemas eléctricos.
- A preocupación sobre o impacto medioambiental xa que afecta directamente a conceptos tan importantes como o aforro enerxético e a reciclaxe de tódolos compoñentes de carácter eléctrico e electrónico, moitos deles considerados como altamente contaminantes e polos tanto perigosos.

A metodoloxía de traballo en equipo para a realización das tarefas e prácticas ben motivada en gran medida pola posta en valor de aspectos relevantes para a educación en valores como poden ser a solidariedade, o posta en valor polo ben do grupo sobre intereses particulares, o fomento do respecto para ser respectado, inclusión de minorías e respecto polos acenos de identidade que poidan estar incluídos na aula.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Alén das actividades, xa recollidas na programación das unidades didácticas, promoverase ao longo do curso a participación en diferentes actividades complementarias e extraescolares, directamente relacionadas cos contidos do módulo en particular, e do ciclo, en xeral. O obxectivo destas actividades é por ao alumnado en contacto coa práctica real da profesión e ao mesmo tempo motivar para a adquisición de contidos.

Algúns exemplos das mesmas son:

- Sesións formativas organizadas por profesionais que desenvolven a súa labor no ámbito da xestión e mantemento de sistemas eléctricos e automáticos de produción.
- Visita a centros produtivos do sector industrial na contorna de Ourense
- Feiras ou mostras onde se poidan ver as últimas novidades explicadas por profesionais do sector.

Do mesmo xeito promoverase a participación do alumnado en actividades deseñadas de maneira conxunta con outros módulo e/ou ciclos formativos do centro. Do mesmo xeito, será promovida a participación nas actividades organizadas dentro do propio centro educativo (Plan lector e plan de igualdade).

10. Outros apartados

10.1) Presentación da programación didáctica ao alumando.

Segundo o establecido nas NOF do centro educativo no seu apartado 6: Programacións o procedemento a seguir para a presentación e posta a disposición da seguinte programación será o seguinte:

As programacións didácticas estarán publicadas na Web do centro no apartado Alumnado-Programacións. Isto farase unha vez esten elaboradas e supervisadas polas Xefaturas de Departamento, Equipo Directivo e Inspección Educativa segundo os prazos regulamentariamente establecidos. O centro enviará unha mensaxe Abalar aos responsables cando a publicación esté feita na Web

Nos primeiros días de curso o profesorado titor fará unha formación ao alumnado ao respecto e o profesor do módulo fará unha exposición resumo dos aspectos mais relevantes da súa materia/módulo: contidos, criterios avaliación e cualificación, recuperacións , mínimos esixibles etc..

Igualmente darase información ao respecto aos pais/nais/titoras/es na reunión de inicio de curso co profesorado titor indicando onde estarán publicadas , o método de búsqueda e a estrutura da que constan.